

LEVITACIÓN, NIVEL INICIACIÓN



NACHO TAIBO

SINOPSIS

"Levitación, nivel iniciación" é a historia, en boa parte verdadeira, de Ákira, un diplomático xaponés que chega a España ao pouco de acabar a Guerra Civil. Na súa inopinada conversión ao catolicismo coñece unha familia coruñesa que o anima a visitar Galiza. Descubre que alí levita. Para el será a Terra da Felicidade. No marco das viaxes e dun tristeiro Madrid en ruínas, onde algúns veneran a Alemaña triunfante, abrolla un tenue amor entre Ákira e Isaura, filla daqueles galegos, sobrevoando as abismais diferenzas culturais que o xaponés enfrenta con valorosa vontade.

No medio interponse, acaparador, Cholo, irmán da rapaza, un falanghista convencido, aproveitado, chupón e lacazán, tan xermanófilo como para seguir ao minuto a visita do xerarca nazi Himmler. Malia o sentido poético da vida que o oriental desprega, Cholo chega a ser un dos protagonistas desta historia, contra a súa vontade –supoñemos– e a nosa. Mentres o xentil diplomático segue levitando en segredo, en ningún outro lugar que en Galiza.

Despois, a barafunda da Guerra Mundial arredaraos, levando o Ákira moi lonxe, perdido no turbillón tumultuoso da Historia. Sen remisión, aparentemente, pois a loura Isaura e o diplomático seguen camiños moi diverxentes.

Á volta do novo século, superando a distancia no espazo, o sentimento renacerá baixo a forma dunha fiel, honesta e sosegada amizade que non se detén ante océanos nin continentes....



Editorial	LAIOVENTO S.L.
Materia	NARRATIVA
Colección	COLECCION XERAL
EAN	9788484877172
Status	Disponible
Encuadernación	Tapa blanda
Páginas	99
Tamaño	210x140x6 mm.
Peso	175
Precio (Imp. inc.)	14,95€
Idioma	Galego
Fecha de lanzamento	01/04/2025

Títulos relacionados



O TERROR NAS
TEBRAS E
OUTRAS CATAS
NA MEMORIA
CARLOS MÉIXOME



RAFAEL DIESTE
XOSE RAMON MATO
FREIXEIRO



PARA
COMPRENDER A
MUSICA
CONTEMPORANEA
HENRY BARRAUD



DESDE UNHA
MESA DE CAFE
PAULINO PEREIRO